



Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño Ferrol

Frauta Travesa

2024. 2025



Índice

1	Introdución	3	
2	Metodoloxía	4	
3	Atención á diversidade	6	
4	Temas transversais	7	
	4.1	Educación en valores	8
	4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	9
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	10	
6	Secuenciación do curso	11	
	6.1	1º Curso de Grao Elemental	12
	6.2	2º Curso de Grao Elemental	20
	6.3	3º Curso de Grao Elemental	28
	6.4	4º Curso de Grao Elemental	36
	6.5	1º Grao Profesional	44
	6.6	2º Grao Profesional	51
	6.7	3º Grao Profesional	58
	6.8	4º Grao Profesional	65
	6.9	5º Grao Profesional	72
	6.10	6º Grao Profesional	79
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	86	
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	88	
9	ANEXOS	89	
	9.1	Probos de acceso 1º de grao profesional	90
	9.2	Probos de acceso a outros cursos	93
	9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao	101
	9.4	Optativa: Frauta Travesa 2º Instrumento	103



1 Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior [decreto 198/2007 do 27 de xuño](#). A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula das docentes da especialidade de Fruta Travesa deste centro.

2 Metodoloxía

A metodoloxía para o ensino da fruta travesa ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento integral do estudante, tanto en termos técnicos como expresivos, fomentando a súa autonomía e creatividade a través dunha estratexia de traballo flexible e personalizada.

Principios:

- **Secuenciación en Espiral:**

Os contidos retomaranse con distintos niveis de afondamento e dificultade, permitindo que o alumno actualice e enriqueza constantemente os seus coñecementos.

- **Reflexión e Comprensión:**

Fomentarase a reflexión sobre as situacións de aprendizaxe, levando ao alumno a comprender e xustificar as súas actuacións. O profesor actuará como guía, facilitando que o alumno sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

- **Motivación e Propostas:**

A motivación será clave no proceso de aprendizaxe, aceptando e valorando as propostas dos alumnos, reforzando así as súas aptitudes naturais e o seu interese pola música.

- **Actividades de Conxunto:**

Promoveranse actividades que faciliten a interacción e o traballo en grupo, integrando experiencias individuais e colectivas para reforzar a aprendizaxe conxunta e a cooperación.

- **Avaliación Continua:**

A información proporcionada pola avaliación utilizarase para axustar e mellorar continuamente a actuación pedagóxica, asegurando a adecuación do proceso de ensino ás necesidades reais do alumno.

Estratexias de Ensino:

- **Programación Aberta e Flexible:**

A programación adaptarase progresivamente ás capacidades e necesidades de cada alumno, permitindo axustes continuos que potencien as súas posibilidades e suplan as súas carencias.

- **Uso de Recursos Tecnolóxicos:**

Empregarase recursos tecnolóxicos e audiovisuais para enriquecer as clases, fomentando o diálogo e o debate entre o profesor e o alumno, e potenciando a autocrítica e o respecto.

- **Ambiente de Clase:**

Crearase un ambiente de distensión e relaxación nas clases para favorecer as verdadeiras características do alumno. Fomentarse a relación entre o alumnado, mellorando así a interpretación en conxunto e a complicidade entre eles.

- **Implicación Familiar:**

Manterase unha estreita relación entre pais, alumnos e profesores ao longo do curso académico para asegurar o rendemento adecuado do alumno e tomar decisións baseadas nos resultados obtidos.

- **Individualización da Aprendizaxe:**

O profesor disporá de coñecementos previos do alumno para desenvolver obxectivos e contidos personalizados, axustando a metodoloxía ás características e o ritmo de aprendizaxe individual.

- **Técnica Instrumental:**

O enfoque na técnica instrumental centrarase nunha "técnica da interpretación" que supere a mera mecánica da execución, permitindo ao alumno concibir a súa aprendizaxe como unha experiencia artística integral.

O alumnado deberá realizar os exercicios prácticos que o profesor propoña na clase.

O profesor orientará ao alumnado a través dunha organizada planificación o estudo que deberá realizar durante a semana. É convinte que este estudo comece de forma guiada nas clases, aclarando situacións novas, solucións técnicas e interpretativas.

Realizaranse periodicamente actividades de tipo complementario, como a lectura á primeira vista, memorización de pequenos fragmentos, improvisación, ou outras de tipo interdisciplinaria como a lectura de textos, recollida de información, audición de gravacións, asistencia a concertos de interese, etc.

Implantación e Avaliación:

- **Traballo en Equipo:** O equipo docente colaborará estreitamente, utilizando datos de avaliación para analizar e mellorar a intervención educativa.
- **Adaptación de Espazos e Tempos:** A organización do tempo e os espazos axustarase ás características físicas do centro e os horarios de ensino obrigatorio, garantindo un uso óptimo dos recursos dispoñibles.

Esta metodoloxía busca proporcionar un entorno de aprendizaxe rico e adaptable, onde cada alumno poida desenvolver plenamente as súas capacidades musicais e persoais, converténdose nun músico autónomo e creativo.

3 Atención á diversidade

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que, por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe, por amosar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo ou que polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou altas capacidades intelectuais.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención, podendo facer adaptacións curriculares non significativas.

Para dar resposta á diversidade teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que planifiquen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Planificar actividades de diferente dificultade e integrar ó alumnado na máis axeitada ó seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.



4 Temas transversais

Os temas transversais son un conxunto de contidos de ensinanzas esencialmente actitudinais. Abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a complementariedade.

De xeito paralelo á ensinanza musical, teranse en conta os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos
- Educación para a saúde
- Educación cívica e moral
- Temas propios da Comunidade Autónoma Galega.
- Educación para a convivencia, a paz e a cidadanía
- Educación en e para os dereitos humanos



4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.



4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos para escoitar e vídeo, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.



5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os diferentes alumnos/as de Fruta Travesa participarán en todas aquelas actividades de aula que programen os diferentes profesores/as-titores/as e que sexan de interese para o correcto proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Estas actividades estarán organizadas e coordinadas polo centro, ou en colaboración con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade coa información pertinente. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, resaltarán os valores de respecto e convivencia, entre outros.



6 Secuenciación do curso

6.1 1º Curso de Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- A. Identificar a frauta como instrumento de vento-madeira. Coñecer as súas partes e adoptar unhas medidas de uso e hixiene axeitadas.
- B. Adoptar unha posición corporal básica que permita soste o instrumento correctamente.
- C. Introducir os conceptos básicos de respiración diafragmática e formación da embocadura.
- D. Recoñecer de xeito auditivo as diferencias básicas de afinación.
- E. Producir sons básicos a través de notas estables. Conseguir unha sonoridade clara nas dúas primeiras oitavas.
- F. Desenvolver a capacidade auditiva e rítmica que permita interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- G. Interpretar melodías moi sinxelas e breves.
- H. Desenvolver a escoita atenta durante a práctica individual.
- I. Memorizar textos musicais.
- J. Ler á primeira vista notas e ritmos básicos.
- K. Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais co fin de acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación. Adquirir uns hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade.
- L. Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- M. Tocar en público.

6.1.2 Contidos

- Concepto de Frauta Travesa, familia á que pertence e forma de produci-lo son.
- Práctica do montaxe, limpeza e mantemento do instrumento.
- Introducción á relaxación e técnicas de respiración diafragmática. Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios básicos de fortalecemento dos músculos faciais e abdominais.
- Exercicios de respiración. Práctica do control do aire en notas sostidas.
- Exercicios auditivos básicos para recoñecer a afinación correcta.
- Escalas diatónicas básicas ata 2 alteracións. Control de articulacións simples.
- Notas longas con variacións básicas de dinámica (piano, forte). Práctica de sons constantes en diferentes alturas.
- Exercicios curtos que combinen saltos e cambios de articulación simples.
- Práctica básica de conxunto, centrada na afinación unísona e ritmos sinxelos.
- Memorización de exercicios e pezas curtas.
- Adquisición dunha boa posición da Frauta Travesa e do corpo.
- Introducción a rutinas básicas de estudo diario. Establecendo un horario regular. Práctica de exercicios sinxelos para desenvolver a disciplina de estudo.
- Lectura á vista de notas e ritmos básicos.



- Identificación de motivos e frases sinxelas en pezas básicas.
- Exercicios e pezas de dificultade básica.
- Implicación e interese polo estudo da Fruta Travesa e a música en xeral.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Este apartado pretende relacionar os obxectivos de aprendizaxe cos criterios de avaliación correspondentes que certificarán unha avaliación completa e precisa do progreso do alumnado.

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
 - Obxectivo relacionado: J
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
 - Obxectivo relacionado: I
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
 - Obxectivos relacionados: F, G
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
 - Obxectivo relacionado: L
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
 - Obxectivo relacionado: H
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
 - Obxectivo relacionado: M
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
 - Obxectivo relacionado: K
- Identificar correctamente as partes da fruta e empregar as medidas de uso e hixiene necesarias para o seu mantemento.
 - Obxectivo relacionado: A
- Manter unha postura correcta e cómoda ao soste a fruta durante a interpretación, evitando tensións musculares innecesarias.
 - Obxectivo relacionado: B
- Aplicar correctamente as técnicas de respiración diafragmática e formación da embocadura para producir un son estable e controlado.
 - Obxectivo relacionado: C, E
- Identificar variacións de afinación e saber axustalas á interpretación.
 - Obxectivo relacionado: D

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso final de avaliación:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre as dúas primeiras oitavas do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Tocar ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados
- Práctica co metrónomo dunha selección de escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións (ligado e picado).
- Aprendizaxe de memoria da escala cromática.
- Tocar unha selección de exercicios, estudos e pezas ou cancións axeitadas segundo o nivel.
- Tocar correctamente a metade dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliarase ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións:

- **Avaliación inicial** para o alumnado sen coñecementos previos. A primeira clase do curso arrincará cunha avaliación inicial que permitirá coñecer ao alumnado e detectar posibles adaptacións metodolóxicas. Este proceso incluirá:
 - **Presentación e conversa inicial:**
 - Benvida e presentación tanto do profesor como do alumno.
 - Conversa sobre os motivos que levaron ao alumno a elixir a frauta e as súas expectativas.
 - Preguntas sobre a súa experiencia previa coa música (se escoita música regularmente, se participou nalgún coro ou grupo musical, etc.).
 - **Exercicios de respiración e coordinación:**
 - Introducción á respiración diafragmática mediante exercicios sinxelos. Está actividade precisará do manexo e utilización dun metrónomo.
 - **Audición e sensibilidade musical:**
 - Proba de recoñecemento de sons e ritmos básicos reproducindo cun bisel unha serie de secuencias rítmicas.
 - **Motivación e actitude:**
 - Observación da actitude do alumno durante a clase, atendendo á súa capacidade de concentración, interese e motivación para aprender.
 - **Proposta de metodoloxía:**
 - Orientación sobre a adquisición do instrumento e material necesario para as clases.

Esta primeira clase servirá como base para deseñar un plan de aprendizaxe personalizado, tendo en conta o nivel de coñecemento musical do alumno, a súa actitude cara aos estudos musicais e as súas capacidades físicas e de coordinación.

- **Avaliación continua ou acumulativa.** Ao longo do curso valorarase a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades.
- **Avaliación final,** onde se terá en conta toda a súa evolución.

Procedementos ordinarios:

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

- Observación sistemática e directa do alumnado.
- Verbalización (intercambio de impresións).
- Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
- Estudo do repertorio do curso correspondente.
- Seguimento do progreso técnico instrumental e musical.
- Ensaio co pianista acompañante.
- Auto avaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- Práctica da lectura sinxela a primeira vista.
- Asistencia a clase.

Ferramentas de avaliación:

- Rexistro do progreso individual do alumnado por parte do docente.
- Diario de estudo do alumnado que recolla unha verificación de execución e mellora de aspectos técnicos específicos:
 - Postura, respiración e embocadura.
 - Exercicios sobre escalas, arpejos,... e utilización de diferentes articulacións e velocidades.
 - Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
 - Control rítmico. Utilización de metrónomo.
 - Dominio interpretativo e musical.
- Autonomía e hábitos de traballo.
 - Gravacións.
 - Rúbricas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir nos procedementos ordinarios estarán determinados polos seguintes aspectos:

Técnica (40%):

- Emprego dunha posición corporal e colocación axeitada do instrumento que beneficie o desenvolvemento dunha correcta execución.
- Dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha continua mellora na emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquisición dunha mínima calidade sonora sobre as dúas primeiras oitavas do instrumento emitindo un son estable sobre as diferentes notas de cada rexistro.
- Emprego dunha boa dixitación que permita unha progresiva adecuación ás diferentes velocidades..
- Execución co metrónomo dunha selección de diferentes escalas utilizando unha ampla variedade de articulacións.

Estilo e interpretación (40%):

- Exactitude e precisión rítmica que facilite un axeitado fraseo e unha correcta articulación amosando así: un sólido control do son, coordinación das mans, mantemento do pulso e variedade dinámica.
- Execución dun programa de exercicios, estudos e obras prestando atención a unha correcta lectura, claridade e limpeza de pasaxes, adecuación aos tempos, precisión técnica, expresividade e sensibilidade.
- Capacidade de comprensión dunha nova partitura a través da lectura a vista valorando o seu grao de adaptación ás esixencias tendo en conta os diferentes aspectos técnicos e expresivos.

Actitude e rendemento (20%):

- Planificación e execución dun tempo mínimo semanal de traballo individual e regular que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- Consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como unha capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Boa predisposición de cara á materia e de cara ao traballo en conxunto a través dunha participación activa na clase en prol de alcanzar os obxectivos mínimos programados para o curso.

A nota final resultará o 100 % segundo o cumprimento da programación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos nos que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte do alumnado durante o curso escolar.

Segundo o [Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º](#), titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

O prazo de aplicación abrangerá iniciado o curso ate finais do mes de outubro. O protocolo será o seguinte:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento previa autorización do/a Xefe/a de estudos. En caso afirmativo continuarase co proceso.
2. O/A titor/a informará a familia (se o alumnado é menor de idade) ou alumnado (se é maior de idade) sobre o procedemento. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todo o profesorado e do alumnado cunha decisión unánime e firme.
3. Resulta imperativo que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando; ademais deberá amosar un grado de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se pretende promocionar. O profesorado poderá solicitar unha proba de nivel se así o considera. Esta proba terá as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria, asegurando así a coherencia e equidade no proceso de avaliación.
4. No caso de que a familia ou alumnado maior de idade non desexara seguir co proceso, este conclúe. Se pola contra a resposta é afirmativa, pasaríase ao seguinte punto.
5. O/A titor/a reunirá toda a información necesaria do alumnado co profesorado que lle imparte clases nese curso.
6. Unha vez acadada toda esta información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do alumnado levantará acta das conclusións sobre os informes ou probas de nivel do profesorado implicado. Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo por unanimidade de todo o profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos ou documentación pertinente que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula). Na Sesión de Avaliación ou Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse ao alumnado e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.
7. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao alumnado maior de idade ou á familia (no caso de ser menor de idade) acerca da solicitude, que



deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobalas, se procede.

8. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumnado deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados, o alumnado estará matriculado oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a realizará clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar e información máis contía cos titores do alumnado.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia de Fruta Travesa, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos en que a cualificación sexa inferior a cinco, o alumno disporá dunha convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Co fin de orientar ós alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxectivos acadados e non acadados e as actividades de reforzo e mellora que guíen ós alumnos que queiran facer o exame extraordinario. O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xuño co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación a valorar nesta proba serán os seguintes:



- **TÉCNICA, 60%** . Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto: dominio no control da velocidade de dedos , articulación, dicitación e respiración.
- **INTERPRETACIÓN, 40%**. Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución dun repertorio de obras programadas para o curso.

Os alumnos que superen este exame serán superado o curso académico no que se atopaban.

6.1.5 Recursos didácticos

Este listado de recursos sempre é orientativo, cada profesor/a adaptase ás necesidades de cada alumno/a, utilizando os que considere oportunos.

Métodos:

P. Wastall – “Aprende tocando la flauta” Ed. Mundimúsica.

T. Wye “Iniciación a la flauta”. Vol. I. Ed. Mundimúsica.

T. Wye “Curso de flauta vol. 1”. Ed. Mundimúsica.

Escuchar, leer y tocar Vol. I Ed. DeHaske

G.Wichers, J.Kastelein “Escuchar, leer y tocar vol.1”

Wil Offermans – “El libro de Thumpy”

Exercicios:

T. Wye “ Teoría y práctica de la flauta. 1 Sonido”. Ed. Mundimúsica.

Estudos:

G. Gariboldi. “Übungen für flöte”. 1-14. Ed. Peters.

G. Gariboldi. 30 Estudos fáciles y progresivos.

Obras:

That´s a Good Tune para frauta e piano. Roy Mitchell.

Melodías paisanas. Harmonización de Paulino Pereiro. Baía Edición

6.2 2º Curso de Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- A. Afianzar os coñecementos adquiridos no 1º curso.
- B. Mellorar a postura e a coordinación básica entre ambas as mans.
- C. Practicar exercicios simples de control do aire e embocadura para mellorar a emisión do son. Ampliar o rango de notas con son estable.
- D. Introducir técnicas básicas para axustar a afinación de notas individuais.
- E. Conseguir unha sonoridade clara sobre tódolos rexistros.
- F. Mellorar o control do son e traballar distintas articulacións e dinámicas en toda a tesitura da frauta. Recoñecer de xeito auditivo as diferenzas básicas na calidade do mesmo.
- G. Desenvolver as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- H. Afianzar a práctica da respiración diafragmática.
- I. Tocar pezas curtas de diferentes estilos.
- J. Memorizar textos musicais.
- K. Traballar a autonomía no estudo a través de exercicios propostos comprendendo o resultado que se pretende acadar.
- L. Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais co fin de acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación. Adquirir uns hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade. Ler á primeira vista.
- M. Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- N. Tocar en público.

6.2.2 Contidos

- Práctica da respiración. Notas longas controlando a calidade do son.
- Práctica de exercicios de resistencia enfocándose en fortalecer a embocadura. Notas longas e intervalos.
- Práctica de notas sostidas con cambios de dinámica mantendo a calidade do son.
- Práctica auditiva con intervalos e escalas, recoñecendo e corrixindo erros de afinación. Introducción ao uso de afinadores electrónicos para auto avaliación.
- Escalas diatónicas cos seus tipos: natural, melódica e harmónica ata 3 alteracións. Control de articulacións simples.
- Traballo da homoxeneidade do son entre diferentes rexistros.
- Exercicios de embocadura e emisión
- Exercicios ou estudos que combinen saltos máis amplos e cambios de articulación.



- Práctica en grupo traballando a afinación e a sincronización rítmica e dinámica.
- Práctica de estudos e pezas curtas de memoria.
- Planificación do tempo de estudo, establecendo obxectivos a curto prazo. Práctica de técnicas de estudo, como a segmentación de pezas en partes pequenas.
- Práctica de lectura á vista de estudos sinxelos.
- Análise de formas simples (ABA) e recoñecemento de cadencias básicas.
- Introducción de estudos e pezas con maiores esixencias técnicas.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

*Este apartado pretende relacionar os **obxectivos** de aprendizaxe cos **criterios de avaliación** correspondentes que certificarán unha avaliación completa e precisa do progreso do alumnado.*

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
 - Obxectivo relacionado: L.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
 - Obxectivo relacionado: J, F
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
 - Obxectivo relacionado: G, I
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
 - Obxectivo relacionado: M
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
 - Obxectivo relacionado: A, K
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
 - Obxectivo relacionado: N
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
 - Obxectivo relacionado: L
- Manter unha postura correcta e cómoda ao soste a fruta durante a interpretación, evitando tensións musculares innecesarias.
 - Obxectivo relacionado: B
- Aplicar correctamente as técnicas de respiración diafragmática e formación da embocadura para producir un son estable e controlado.
 - Obxectivo relacionado: D, E, C, H

- Controlar o son en toda a tesitura da fruta e traballar unha selección de exercicios técnicos utilizando diferentes articulacións e dinámicas .
 - Obxectivo relacionado: F, C, E

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso final de avaliación:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Tocar ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados
- Práctica co metrónomo dunha selección de escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións (ligado e picado).
- Aprendizaxe de memoria da escala cromática.
- Tocar unha selección de exercicios, estudos e pezas ou cancións axeitadas segundo o nivel.
- Tocar correctamente a metade dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliarase ao alumno cos diferentes tipos de avaliacións:

- **Avaliación Inicial.** A primeira clase do curso arrincará cunha avaliación inicial que servirá para adaptar a metodoloxía ás súas necesidades específicas. A través dunha primeira escoita de exercicios e obras, fixaranse segundo as necesidades particulares de cada alumno os recursos técnicos e interpretativos idóneos para unha mellor aprendizaxe. Esta sesión, rexistrada no diario de aula servirá ademais para avaliar o grao de mellora durante o curso.
- **Avaliación Continua ou acumulativa.** Ao longo do curso valorarase a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades.
- **Avaliación Final,** onde se terá en conta toda a súa evolución.

Procedementos ordinarios:

- 1 Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:
- 2 Observación sistemática e directa do alumnado.
- 3 Verbalización (intercambio de impresións).
- 4 Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
- 5 Estudo do repertorio do curso correspondente.
- 6 Seguimento do progreso técnico instrumental e musical.
- 7 Ensaio co pianista acompañante.
- 8 Distribución temporal da materia.



- 9 Auto avaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- 10 Práctica da lectura sinxela a primeira vista.
- 11 Asistencia a clase.

Ferramentas de avaliación:

- Rexistro do progreso individual do alumnado por parte do docente.
- Diario de estudo do alumnado que recolla unha verificación de execución e mellora de aspectos técnicos específicos:
 - Postura, respiración e embocadura.
 - Exercicios sobre escalas, arpejos,... e utilización de diferentes articulacións e velocidades.
 - Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
 - Control rítmico. Utilización de metrónomo.
 - Dominio interpretativo e musical.
 - Autonomía e hábitos de traballo.
- Gravacións.
- Rúbricas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir nos procedementos ordinarios estarán determinados polos seguintes aspectos:

Técnica (40%):

- Emprego dunha posición corporal e colocación axeitada do instrumento que beneficie o desenvolvemento dunha correcta execución.
- Dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilita unha continua mellora na emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquisición dunha mínima calidade sonora sobre toda a tésitura do instrumento emitindo un son estable sobre as diferentes notas de cada rexistro.
- Emprego dunha boa dicitación que permita unha progresiva adecuación ás diferentes velocidades..
- Execución co metrónomo dunha selección de diferentes escalas utilizando unha ampla variedade de articulacións.

Estilo e interpretación (40%):

- Exactitude e precisión rítmica que facilite un axeitado fraseo e unha correcta articulación amosando así: un sólido control do son, coordinación das mans, mantemento do pulso e variedade dinámica.



- Execución dun programa de exercicios, estudos e obras prestando atención a unha correcta lectura, claridade e limpeza de pasaxes, adecuación aos tempos, precisión técnica, expresividade e sensibilidade.
- Capacidade de comprensión dunha nova partitura a través da lectura a vista valorando o seu grao de adaptación ás esixencias tendo en conta os diferentes aspectos técnicos e expresivos.

Actitude e rendemento (20%):

- Planificación e execución dun tempo mínimo semanal de traballo individual e regular que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- Consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como unha capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Boa predisposición de cara á materia e de cara ao traballo en conxunto a través dunha participación activa na clase en prol de alcanzar os obxectivos mínimos programados para o curso.

A nota final resultará o 100 % segundo o cumprimento da programación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos nos que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte do alumnado durante o curso escolar.

Segundo o [Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º](#), titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

O prazo de aplicación abrangerá iniciado o curso ate finais do mes de outubro. O protocolo será o seguinte:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento previa autorización do/a Xefe/a de estudos. En caso afirmativo continuarase co proceso.
2. O/A titor/a informará a familia (se o alumnado é menor de idade) ou alumnado (se é maior de idade) sobre o procedemento. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todo o profesorado e do alumnado cunha decisión unánime e firme.
3. Resulta imperativo que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando; ademais deberá amosar un grado de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se pretende promocionar. O profesorado poderá solicitar unha proba de nivel se

- así o considera. Esta proba tería as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria, asegurando así a coherencia e equidade no proceso de avaliación.
4. No caso de que a familia ou alumnado maior de idade non desexara seguir co proceso, este conclúe. Se pola contra a resposta é afirmativa, pasaríase ao seguinte punto.
 5. O/A titor/a reunirá toda a información necesaria do alumnado co profesorado que lle imparte clases nese curso.
 6. Unha vez acadada toda esta información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do alumnado levantará acta das conclusións sobre os informes ou probas de nivel do profesorado implicado. Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo por unanimidade de todo o profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos ou documentación pertinente que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula). Na Sesión de Avaliación ou Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse ao alumnado e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.
 7. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao alumnado maior de idade ou á familia (no caso de ser menor de idade) acerca da solicitude, que deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobalas, se procede.
 8. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que leven o visto e praxe, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumnado deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados, o alumnado estará matriculado oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a realizará clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar e información máis contía cos titores do alumnado.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación.



A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia de Flauta Travesa, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos en que a cualificación sexa inferior a cinco, o alumno disporá dunha convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Co fin de orientar ós alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxectivos acadados e non acadados e as actividades de reforzo e mellora que guíen ós alumnos que queiran facer o exame extraordinario. O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xuño co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación a valorar nesta proba serán os seguintes:

- **TÉCNICA, 60%** . Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto: dominio no control da velocidade de dedos, articulación, dixitación e respiración.
- **INTERPRETACIÓN, 40%**. Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución dun repertorio de obras programadas para o curso.

Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

6.2.5 Recursos didácticos

Este listado de recursos sempre é orientador, cada profesor/a adaptarase ás necesidades de cada alumno/a, utilizando os que considere oportunos.

Métodos:

- H. Altès. “Método de flauta”. Vol. I. 1-11.
- T. Wye. “Iniciación a la flauta”. Vol.II.
- Escuchar, leer y tocar Vol. II. Ed. DeHaske.
- Peter Wastall. Aprende tocando la flauta.
- T. Wye. Curso de flauta. Libro de enseñanza en grupo. Ed. Mundimúsica.

Ejercicios:

- T. Wye “ Teoría y práctica de la flauta. 1 Sonido”. Ed. Mundimúsica.



R. Winn. I Love Scales. Ed. Verlag.

Estudos:

G. Gariboldi. "Übungen für flöte". 15-25. Ed. Peters.

G. Gariboldi. 30 estudos fáciles y progresivos.

Bantai Kovacs. Selected Studies I.

Obras:

"La flauta clásica" Vol. I.

T. Susato: Rondo

T. Susato: Saltarello

Quatre Pièces Faciles. E. Bozza. Ed. Leduc.

That's a Good Tune para flauta e piano. Roy Mitchell.

All Sort Grades para flauta e piano 1-3 Trinity Repertory Library.

Conxunto instrumental 2. Nomar Z. Real Musical.

6.3 3º Curso de Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

- A. Asentar a posición corporal para facilitar unha respiración máis natural.
- B. Desenvolver maior control sobre a respiración e a embocadura para mellorar a afinación básica.
- C. Afianzar a práctica da respiración diafragmática.
- D. Conseguir unha sonoridade clara nas tres oitavas.
- E. Practicar a corrección de afinación en exercicios tipo e en notas concretas de pasaxes curtos.
- F. Desenvolver a expresión musical a través da dinámica, con variacións básicas de intensidade (forte/piano) e o fraseo.
- G. Practicar exercicios de dificultade media para mellorar a afinación e a calidade sonora.
- H. Dominar, controlando a emisión do son nos diferentes rexistros unha selección de escalas maiores e menores utilizando diferentes articulacións.
- I. Interpretar obras de dificultade media-baixa que inclúan diferentes articulacións, cambios de ritmo e dinámica.
- J. Memorizar textos musicais.
- K. Traballar a autonomía no estudo a través de exercicios propostos comprendendo o resultado que se pretende acadar. Desenvolver a capacidade de auto corrección no estudo individual.
- L. Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais co fin de acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación. Adquirir uns hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade. Ler á primeira vista.
- M. Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- N. Tocar en público.

6.3.2 Contidos

- Introducción á historia da Frauta Travesa e a súa aparición nas obras musicais.
- Control da respiración en frases musicais curtas mantendo unha columna de aire estable.
- Exercicios de flexibilidade da embocadura, incluíndo cambios de rexistro. Notas longas.
- Control da respiración en frases musicais curtas (estudos, obras).
- Recoñecemento de erros de afinación e auto-corrección durante a práctica. Exercicios de afinación en conxunto.
- Escalas diatónicas cos seus tipos: natural, melódica e harmónica ata 5 alteracións. Uso de distintos ritmos e articulacións.
- Exercicios de flexibilidade do son para mellorar a emisión e os intervalos entre rexistros.
- Práctica de intervalos (terceiras e cuartas) controlando a emisión do aire e utilizando diferentes articulacións.

- Exercicios de flexibilidade combinando saltos, trinos e diferentes articulacións.
- Práctica en grupo traballando a afinación e a sincronización rítmica e dinámica.
- Práctica de pezas de memoria, enfocándose na continuidade e fluidez.
- Control e dominio progresivo da propia posición e da Frauta Travesa en particular.
- Desenvolvemento de estratexias de auto avaliación e corrección. Práctica de estudos e pezas con enfoque en obxectivos específicos.
- Lectura de fragmentos máis longos con cambios de dinámica e articulación.
- Comprensión das seccións e a estrutura global de obras curtas.
- Estudos e pezas de complexidade intermedia, traballo en aspectos técnicos específicos.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Este apartado pretende relacionar os obxectivos de aprendizaxe cos criterios de avaliación correspondentes que certificarán unha avaliación completa e precisa do progreso do alumnado.

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
 - Obxectivo relacionado: L
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
 - Obxectivo relacionado: J, F, E, G
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
 - Obxectivo relacionado: I
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
 - Obxectivo relacionado: M
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
 - Obxectivo relacionado: K
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
 - Obxectivo relacionado: N
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
 - Obxectivo relacionado: L
- Manter unha postura correcta e cómoda ao soste a frauta durante a interpretación, evitando tensións musculares innecesarias.
 - Obxectivo relacionado: A
- Aplicar correctamente as técnicas de respiración diafragmática e formación da embocadura para producir un son estable e controlado.

- Obxectivo relacionado: B, C, D
- Controlar o son en toda a tesitura da fruta e traballar unha selección de exercicios técnicos utilizando diferentes articulacións e dinámicas .
 - Obxectivo relacionado: H, F

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso final de avaliación:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Tocar ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados
- Práctica co metrónomo dunha selección de escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións (ligado e picado).
- Aprendizaxe de memoria da escala cromática.
- Tocar unha selección de exercicios, estudos e pezas ou cancións axeitadas segundo o nivel.
- Tocar correctamente a metade dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliarase ao alumno cos diferentes tipos de avaliacións:

- **Avaliación Inicial.** A primeira clase do curso arrincará cunha avaliación inicial que servirá para adaptar a metodoloxía ás súas necesidades específicas. A través dunha primeira escoita de exercicios e obras, fixaranse segundo as necesidades particulares de cada alumno os recursos técnicos e interpretativos idóneos para unha mellor aprendizaxe. Esta sesión, rexistrada no diario de aula servirá ademais para avaliar o grao de mellora durante o curso.
- **Avaliación Continua ou acumulativa.** Ao longo do curso valorarase a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades.
- **Avaliación Final,** onde se terá en conta toda a súa evolución.

Procedementos ordinarios:

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

- 1 Observación sistemática e directa do alumnado.
- 2 Verbalización (intercambio de impresións).
- 3 Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
- 4 Estudo do repertorio do curso correspondente.
- 5 Seguimento do progreso técnico instrumental e musical.

- 6 Ensaio co pianista acompañante.
- 7 Distribución temporal da materia.
- 8 Auto avaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- 9 Práctica da lectura sinxela a primeira vista.
- 10 Asistencia a clase.

Ferramentas de avaliación:

- Rexistro do progreso individual do alumnado por parte do docente.
- Diario de estudo do alumnado que recolla unha verificación de execución e mellora de aspectos técnicos específicos:
 - Postura, respiración e embocadura.
 - Exercicios sobre escalas, arpechos,... e utilización de diferentes articulacións e velocidades.
 - Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
 - Control rítmico. Utilización de metrónomo.
 - Dominio interpretativo e musical.
 - Autonomía e hábitos de traballo.
- Gravacións.
- Rúbricas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir nos procedementos ordinarios estarán determinados polos seguintes aspectos:

Técnica (40%):

- Emprego dunha posición corporal e colocación axeitada do instrumento que beneficie o desenvolvemento dunha correcta execución.
- Dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha continua mellora na emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquisición dunha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento emitindo un son estable sobre as diferentes notas de cada rexistro.
- Emprego dunha boa dixitación que permita unha progresiva adecuación ás diferentes velocidades..
- Execución co metrónomo dunha selección de diferentes escalas utilizando unha ampla variedade de articulacións.



Estilo e interpretación (40%):

- Exactitude e precisión rítmica que facilite un axeitado fraseo e unha correcta articulación amosando así: un sólido control do son, coordinación das mans, mantemento do pulso e variedade dinámica.
- Execución dun programa de exercicios, estudos e obras prestando atención a unha correcta lectura, claridade e limpeza de pasaxes, adecuación aos tempos, precisión técnica, expresividade e sensibilidade.
- Capacidade de comprensión dunha nova partitura a través da lectura a vista valorando o seu grao de adaptación ás esixencias tendo en conta os diferentes aspectos técnicos e expresivos.

Actitude e rendemento (20%):

- Planificación e execución dun tempo mínimo semanal de traballo individual e regular que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- Consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como unha capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Boa predisposición de cara á materia e de cara ao traballo en conxunto a través dunha participación activa na clase en prol de alcanzar os obxectivos mínimos programados para o curso.

A nota final resultará o 100 % segundo o cumprimento da programación.

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos nos que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte do alumnado durante o curso escolar.

Segundo o [Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º](#), titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

O prazo de aplicación abrangerá iniciado o curso ate finais do mes de outubro. O protocolo será o seguinte:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento previa autorización do/a Xefe/a de estudos. En caso afirmativo continuarase co proceso.
2. O/A titor/a informará a familia (se o alumnado é menor de idade) ou alumnado (se é maior de idade) sobre o procedemento. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de

poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todo o profesorado e do alumnado cunha decisión unánime e firme.

3. Resulta imperativo que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando; ademais deberá amosar un grado de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se pretende promocionar. O profesorado poderá solicitar unha proba de nivel se así o considera. Esta proba tería as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria, asegurando así a coherencia e equidade no proceso de avaliación.
4. No caso de que a familia ou alumnado maior de idade non desexara seguir co proceso, este conclúe. Se pola contra a resposta é afirmativa, pasaríase ao seguinte punto.
5. O/A titor/a reunirá toda a información necesaria do alumnado co profesorado que lle imparte clases nese curso.
6. Unha vez acadada toda esta información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do alumnado levantará acta das conclusións sobre os informes ou probas de nivel do profesorado implicado. Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo por unanimidade de todo o profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos ou documentación pertinente que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula). Na Sesión de Avaliación ou Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse ao alumnado e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.
7. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao alumnado maior de idade ou á familia (no caso de ser menor de idade) acerca da solicitude, que deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobalas, se procede.
8. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumnado deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados, o alumnado estará matriculado oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica



por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a realizará clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar e información máis contía cos titores do alumnado.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia de Frauta Travesa, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos en que a cualificación sexa inferior a cinco, o alumno disporá dunha convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Co fin de orientar ós alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxectivos acadados e non acadados e as actividades de reforzo e mellora que guíen ós alumnos que queiran facer o exame extraordinario. O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xuño co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación a valorar nesta proba serán os seguintes:

- **TÉCNICA, 60%** . Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto: dominio no control da velocidade de dedos , articulación, dixitación e respiración.
- **INTERPRETACIÓN, 40%**. Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución dun repertorio de obras programadas para o curso.

Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

6.3.5 Recursos didácticos

Este listado de recursos sempre é orientador, cada profesor/a adaptarase ás necesidades de cada alumno/a, utilizando os que considere oportunos.

Métodos:

H. Altès. “Método de flauta”. Vol. I. 12-23.

F. González Maestre, “Método Elemental”, Unión Musical

G. Wichers, J. Kastelein “Escuchar, leer y tocar 3”



Exercicios:

T. Wye “ Teoría y práctica de la flauta. 1 Sonido”. Ed. Mundimúsica.

Estudos:

G. Gariboldi. “Études Mignonnes pour flûte Op.131”. 1-10. Ed. Leduc.

Selección de estudos de Bantai-Kovacs Vol. I e II. Ed. Música Budapest.

G. Gariboldi. Thirty Easy and Progressive Studies for Flute.

Fifty Little Studies Op. 25 H. Lindholm

Obras:

“La flauta clásica”. Vol. I e II.

First Repertoire for flute. Peter Wastall.

Mihalovici. “Melodie”.

T. Wye, “Flute trios vol. I”. Chester Music.

P. Hindemith, “Echo”, Schott.

A. Vivaldi, “Sonata en Do Maior”, Cd Sheet Music.

G. Ph. Telemann. Sonata en Fa Maior.

E. Bozza. Cuatro piezas fáciles. Ed. Leduc.

6.4 4º Curso de Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

- A. Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- B. Integrar o movemento do corpo como elemento de expresividade musical.
- C. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- D. Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- E. Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- F. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- G. Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- H. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
- I. Dominar, controlando a emisión do son nos diferentes rexistros tódalas escalas maiores e menores utilizando diferentes articulacións.
- J. Ler á primeira vista.
- K. Memorizar textos musicais.
- L. Tocar en público.

6.4.2 Contidos

- Dominio da respiración en pasaxes máis complexos e longos, incluíndo cambios dinámicos e de tempo.
- Práctica de pezas que requiran cambios rápidos de rexistro e dinámicas mantendo a estabilidade da embocadura. Introducción ao vibrato.
- Exercicios de embocadura e emisión: notas mantidas en diferentes dinámicas.
- Aplicación da respiración en estudos e pezas que requiran un maior control da afinación e dinámica.
- Utilización dunha sensibilidade auditiva na interpretacións individual e con outros instrumentos.
- Práctica de tódalas escalas cos seus tipos: natural, melódica e harmónica en diferentes velocidades, ritmos e articulacións.
- Práctica de intervalos (terceiras e cuartas) sobre unha selección de escalas controlando a emisión do aire e utilizando diferentes articulacións.
- Realización das dinámicas escritas na interpretación do repertorio. Práctica de pasaxes que requiran cambios precisos de dinámica.
- Traballo de estudos e obras que requiran flexibilidade en saltos, articulacións e trinos, combinados nunha mesma peza.



- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Interpretación de pezas completas de memoria. Preparación para actuacións públicas.
- Autonomía no estudo e preparación eficaz do repertorio. Práctica de pezas completas: desenvolvemento de estratexias para a resolución de problemas técnicos e musicais.
- Lectura á vista de pezas de repertorio.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Análise máis detallada de obras, incluíndo aspectos históricos e estilísticos.
- Repertorio avanzado que combine aspectos técnicos e expresivos, preparación para o acceso ao Grao Profesional.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Este apartado pretende relacionar os obxectivos de aprendizaxe cos criterios de avaliación correspondentes que certificarán unha avaliación completa e precisa do progreso do alumnado.

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
 - Obxectivo relacionado: J
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
 - Obxectivo relacionado: K
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
 - Obxectivo relacionado: H
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
 - Obxectivo relacionado: L
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
 - Obxectivo relacionado: A, E
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Integrar o movemento do corpo como elemento de expresividade musical.
 - Obxectivo relacionado: K, B
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
 - Obxectivo relacionado: E
- Aplicar correctamente as técnicas de respiración diafragmática e formación da embocadura para producir un son estable e controlado e corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
 - Obxectivo relacionado: D, C, F, G

- Controlar o son en toda a tesitura da fruta e traballar unha selección de exercicios técnicos utilizando diferentes articulacións e dinámicas .
 - Obxectivo relacionado: I, F, C, E, G

Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso final de avaliación:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Tocar ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados
- Práctica co metrónomo dunha selección de escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións (ligado e picado).
- Aprendizaxe de memoria da escala cromática.
- Tocar unha selección de exercicios, estudos e pezas ou cancións axeitadas segundo o nivel.
- Tocar correctamente a metade dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliarase ao alumno cos diferentes tipos de avaliacións:

- **Avaliación Inicial.** A primeira clase do curso arrincará cunha avaliación inicial que servirá para adaptar a metodoloxía ás súas necesidades específicas. A través dunha primeira escoita de exercicios e obras, fixaranse segundo as necesidades particulares de cada alumno os recursos técnicos e interpretativos idóneos para unha mellor aprendizaxe. Esta sesión, rexistrada no diario de aula servirá ademais para avaliar o grao de mellora durante o curso.
- **Avaliación Continua ou acumulativa.** Ao longo do curso valorarase a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades.
- **Avaliación Final,** onde se terá en conta toda a súa evolución.

Procedementos ordinarios:

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

- 1 Observación sistemática e directa do alumnado.
- 2 Verbalización (intercambio de impresións).
- 3 Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
- 4 Estudo do repertorio do curso correspondente.
- 5 Seguimento do progreso técnico instrumental e musical.
- 6 Ensaio co pianista acompañante.

- 7 Distribución temporal da materia.
- 8 Auto avaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- 9 Práctica da lectura sinxela a primeira vista.
- 10 Asistencia a clase.

Ferramentas de avaliación:

- Rexistro do progreso individual do alumnado por parte do docente.
- Diario de estudo do alumnado que recolla unha verificación de execución e mellora de aspectos técnicos específicos:
 - Postura, respiración e embocadura.
 - Exercicios sobre escalas, arpejos,... e utilización de diferentes articulacións e velocidades.
 - Tarefas e exercicios asignados semanalmente.
 - Control rítmico. Utilización de metrónomo.
 - Dominio interpretativo e musical.
 - Autonomía e hábitos de traballo.
- Gravacións.
- Rúbricas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir nos procedementos ordinarios estarán determinados polos seguintes aspectos:

Técnica (40%):

- Emprego dunha posición corporal e colocación axeitada do instrumento que beneficie o desenvolvemento dunha correcta execución.
- Dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilita unha continua mellora na emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquisición dunha mínima calidade sonora sobre toda a tésitura do instrumento emitindo un son estable sobre as diferentes notas de cada rexistro.
- Emprego dunha boa dixitación que permita unha progresiva adecuación ás diferentes velocidades..
- Execución co metrónomo dunha selección de diferentes escalas utilizando unha ampla variedade de articulacións.

Estilo e interpretación (40%):



- Exactitude e precisión rítmica que facilite un axeitado fraseo e unha correcta articulación amosando así: un sólido control do son, coordinación das mans, mantemento do pulso e variedade dinámica.
- Execución dun programa de exercicios, estudos e obras prestando atención a unha correcta lectura, claridade e limpeza de pasaxes, adecuación aos tempos, precisión técnica, expresividade e sensibilidade.
- Capacidade de comprensión dunha nova partitura a través da lectura a vista valorando o seu grao de adaptación ás esixencias tendo en conta os diferentes aspectos técnicos e expresivos.

Actitude e rendemento (20%):

- Planificación e execución dun tempo mínimo semanal de traballo individual e regular que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- Consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como unha capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Boa predisposición de cara á materia e de cara ao traballo en conxunto a través dunha participación activa na clase en prol de alcanzar os obxectivos mínimos programados para o curso.

A nota final resultará o 100 % segundo o cumprimento da programación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos nos que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte do alumnado durante o curso escolar.

Segundo o [Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º](#), titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

O prazo de aplicación abrangerá iniciado o curso ate finais do mes de outubro. O protocolo será o seguinte:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento previa autorización do/a Xefe/a de estudos. En caso afirmativo continuarase co proceso.
2. O/A titor/a informará a familia (se o alumnado é menor de idade) ou alumnado (se é maior de idade) sobre o procedemento. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de

poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todo o profesorado e do alumnado cunha decisión unánime e firme.

3. Resulta imperativo que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando; ademais deberá amosar un grado de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se pretende promocionar. O profesorado poderá solicitar unha proba de nivel se así o considera. Esta proba tería as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria, asegurando así a coherencia e equidade no proceso de avaliación.
4. No caso de que a familia ou alumnado maior de idade non desexara seguir co proceso, este conclúe. Se pola contra a resposta é afirmativa, pasaríase ao seguinte punto.
5. O/A titor/a reunirá toda a información necesaria do alumnado co profesorado que lle imparte clases nese curso.
6. Unha vez acadada toda esta información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do alumnado levantará acta das conclusións sobre os informes ou probas de nivel do profesorado implicado. Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo por unanimidade de todo o profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos ou documentación pertinente que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula). Na Sesión de Avaliación ou Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse ao alumnado e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.
7. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao alumnado maior de idade ou á familia (no caso de ser menor de idade) acerca da solicitude, que deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobalas, se procede.
8. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumnado deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados, o alumnado estará matriculado oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a realizará clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar e información máis contiá cos titores do alumnado.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia de Frauta Travesa, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probos extraordinarias de xuño

Nos casos en que a cualificación sexa inferior a cinco, o alumno disporá dunha convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Co fin de orientar ós alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxectivos acadados e non acadados e as actividades de reforzo e mellora que guíen ós alumnos que queiran facer o exame extraordinario. O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xuño co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación a valorar nesta proba serán os seguintes:

- **TÉCNICA, 60%** . Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto: dominio no control da velocidade de dedos , articulación, dixitación e respiración.
- **INTERPRETACIÓN, 40%**. Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución dun repertorio de obras programadas para o curso.

Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

6.4.5 Recursos didácticos

Este listado de recursos sempre é orientativo, cada profesor/a adaptarase ás necesidades de cada alumno/a, utilizando os que considere oportunos.

Métodos:

H. Altès. “Método de flauta”. Vol. I. (24 ata o final).

Exercicios:

M. Moyse “De la sonorité” . Ed. Leduc.

T. Wye “Teoría y práctica de la flauta” vol I. Son. Mundimúsica.



T. Wye "Teoría y práctica de la flauta" vol II. Técnica. Mundimúsica.

A. Reichert "7 Ejercicios diarios".

Estudios:

G. Gariboldi. "Études Mignonnes pour flûte Op.131". 11-20. Ed. Leduc.

M. Moyses. "24 Pequeños estudios melódicos". Ed. Leduc.

M. Moyses "Le debutant flutiste". Ed. Leduc.

H. Lindholm. Fifty Little Studies Op. 25.

Bantai- Kovacs. Selección de estudios Vol. II. Ed. Música Budapest.

Obras:

"La Flauta clásica". Vol. II. III.

W. A. Mozart. "Andante en DoM para flauta e orquesta Kv. 315".

C. Nielsen. "The Children are Playing".

G. Fauré. "Siciliana"

G. Fauré "Berceuse Op. 16".

G. P. Telemann. "Sonata en FaM". Ed. IMC.

C. Debussy. "En Bateau"

C. Debussy. "The Petit Nègre"

Henri Tomasi. Le Petit Chevrier Corse. Ed. A. Leduc.

T. Wye "Flute trios" vol. II Chester Music.

C. Norton. "Microjazz: flute duets" Boosey & Hawkes.

A. Vivaldi. "Sonata en Do Mayor", CdSheet Music.

C. W. Glück. "Danza dos Espiritus Benaventurados"

J. B. Loeillet. "Sonata en Si menor"



Donizetti. Sonata en FaM. Ed. Zimmermann.

B. Marcello. 12 Sonatas Op. II.

A Treasury of Flute Music. Transcribed and Adapted by Louis Moyse. Ed. Hal Leonard



6.5 1º Grao Profesional

6.5.1 Obxectivos

O primeiro curso de grao profesional das ensinanzas de Fauta Travesa contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Interpretar un repertorio utilizando a medida, afinación, fraseo e articulacións correctos.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo produtiva.
- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar escalas maiores e menores, naturais e harmónicas, en tódalas tonalidades.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.

6.5.2 Contidos

Contidos conceptuais

- Acústica da Fauta Travesa.
- Recensións históricas da Fauta Travesa a través das diferentes épocas.

Contidos Procedimentais

- Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión; con especial atención aos tempos lentos.
- Estudo das dinámicas con especial énfase na terceira octava.
- Estudo do vibrato.
- Iniciación ó estudo do dobre e triplo picado.
- Practica de conxunto con outros instrumentos.
- Adestramento da memoria.
- Práctica da improvisación sobre bases harmónicas simples.
- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo a través de escalas, terceiras e apexos.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Práctica das diferentes articulacións
- Exercicios de lectura a primeira vista.

Contidos actitudinais

- Participación activa nas actividades do curso.
- Actitude positiva fronte os estudos da Fauta Travesa.

6.5.3 Avaliación

Criterios de avaliación

1. Empregar o esforzo musical e a respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
2. Controlar a execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.



3. Amosar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
4. Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- O alumno/a terá que realizar un exercicio de lectura á primeira vista.
- O alumno/a terá que interpretar a parte do programa que non traballara nos trimestres anteriores, empregando a posición, medida, afinación e son axeitados ó seu contido, cun emprego axeitado do esforzo muscular e da respiración e amosar un dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir nos procedementos ordinarios estarán determinados polos seguintes aspectos:

Técnica (40%):

- Emprego dunha posición corporal e colocación axeitada do instrumento que beneficie o desenvolvemento dunha correcta execución.
- Dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha continua mellora na emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquisición dunha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento emitindo un son estable sobre as diferentes notas de cada rexistro.
- Emprego dunha boa dixitación que permita unha progresiva adecuación ás diferentes velocidades..

- Execución co metrónomo dunha selección de diferentes escalas utilizando unha ampla variedade de articulacións.

Estilo e interpretación (40%):

- Exactitude e precisión rítmica que facilite un axeitado fraseo e unha correcta articulación amosando así: un sólido control do son, coordinación das mans, mantemento do pulso e variedade dinámica.
- Execución dun programa de exercicios, estudos e obras prestando atención a unha correcta lectura, claridade e limpeza de pasaxes, adecuación aos tempos, precisión técnica, expresividade e sensibilidade.
- Capacidade de comprensión dunha nova partitura a través da lectura a vista valorando o seu grao de adaptación ás esixencias tendo en conta os diferentes aspectos técnicos e expresivos.

Actitude e rendemento (20%):

- Planificación e execución dun tempo mínimo semanal de traballo individual e regular que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- Consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como unha capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Boa predisposición de cara á materia e de cara ao traballo en conxunto a través dunha participación activa na clase en prol de alcanzar os obxectivos mínimos programados para o curso.

A nota final resultará o 100 % segundo o cumprimento da programación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos nos que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte do alumnado durante o curso escolar.

Segundo o [Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º](#), titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

O prazo de aplicación abrangerá iniciado o curso ate finais do mes de outubro. O protocolo será o seguinte:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento previa autorización do/a Xefe/a de estudos. En caso afirmativo continuarase co proceso.

2. O/A titor/a informará a familia (se o alumnado é menor de idade) ou alumnado (se é maior de idade) sobre o procedemento. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todo o profesorado e do alumnado cunha decisión unánime e firme.
3. Resulta imperativo que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando; ademais deberá amosar un grado de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se pretende promocionar. O profesorado poderá solicitar unha proba de nivel se así o considera. Esta proba tería as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria, asegurando así a coherencia e equidade no proceso de avaliación.
4. No caso de que a familia ou alumnado maior de idade non desexara seguir co proceso, este conclúe. Se pola contra a resposta é afirmativa, pasaríase ao seguinte punto.
5. O/A titor/a reunirá toda a información necesaria do alumnado co profesorado que lle imparte clases nese curso.
6. Unha vez acadada toda esta información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do alumnado levantará acta das conclusións sobre os informes ou probas de nivel do profesorado implicado. Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo por unanimidade de todo o profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos ou documentación pertinente que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula). Na Sesión de Avaliación ou Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse ao alumnado e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.
7. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao alumnado maior de idade ou á familia (no caso de ser menor de idade) acerca da solicitude, que deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobalas, se procede.
8. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que leven o visto e praxe, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumnado deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados, o alumnado estará matriculado oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

6.10.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último,



a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a realizará clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar e información máis contía cos titores do alumnado.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia de Frauta Travesa, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos en que a cualificación sexa inferior a cinco, o alumno disporá dunha convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Co fin de orientar ós alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxectivos acadados e non acadados e as actividades de reforzo e mellora que guíen ós alumnos que queiran facer o exame extraordinario. O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xuño co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación a valorar nesta proba serán os seguintes:

- **TÉCNICA, 60%** . Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto: dominio no control da velocidade de dedos , articulación, dixitación e respiración.
- **INTERPRETACIÓN, 40%**. Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución dun repertorio de obras programadas para o curso.

Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

6.10.5 Recursos didácticos

Este listado de recursos sempre é orientador, cada profesor/a adaptarase ás necesidades de cada alumno/a, utilizando os que considere oportunos.

Exercicios e estudos:

M. Moyse - “De la Sonorite”

Reichert - “7 Ejercicios Diarios”



Taffanel et Gaubert - "17 Ejercicios Diarios"

Karg-Elert - "30 Estudios op. 107"

Ph. Bernold. "A técnica da embocadura".

T. Boehm. "24 Caprichos". 13-24.

A. B. Furstenau - 26 Ejercicios.

N. Paganini 24 Caprichos

Obras:

J. S. Bach - Partita en La menor.

J. S. Bach – Sonata en Mi menor

J. S. Bach - Sonata en Si menor.

C. P. E. Bach - "Hamburger Sonata"

C. P. E. Bach – Sonata para frauta soa en La menor

P. Locatelli - Unha sonata.

C. P. E. Bach - Concerto en Re menor.

W. A. Mozart - Cuarteto con frauta en Re Maior.

W. A. Mozart - Concerto para frauta en Sol Maior.

W. A. Mozart – Concerto en Re Mayor K.V. 314

F. Schubert - Variacións "Die Schone Mullerein"

R. Schumann - 3 Romanzas

Ch. M. Widor - Suite

B. Godard - Suite Op. 116

K. Reinecke - Sonata "Undine"

C. Chaminade - Concertino Op. 107

F. Poulenc – Sonata

O. Messiaen - Le Merle Noir

E. Varese - Density 21.5

D. Milhaud – Sonatina

J.lbert – Piece para fruta soa

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

- **Observación sistemática.** A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o docente empregaría para anotar indicacións sobre a conduta dos alumnos durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

O profesorado poderá solicitar a colaboración doutros/as docentes do departamento co fin de optimizar a calidade de todo o proceso de avaliación, a mellora dos procesos de ensino aprendizaxe e a reflexión crítica sobre a práctica docente. En todo caso, a avaliación e a cualificación finais serán responsabilidade única do profesor/a encargado/a da materia.

- **Probas prácticas.** Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais avalíaranse de xeito doado por medio de diversos instrumentos. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só avalíase a partir da execución e da interpretación. Para isto, os profesores da especialidade de fruta organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos estes de carácter público, co fin de que o alumnado poida amosar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando individualmente, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros profesores de especialidades afíns para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre os alumnos e a unificación de criterios entre os profesores, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

- **Outras.** A verbalización permítenos saber o que os alumnos pensan e saben, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates.

Seguimento da programación deberá ser a lo menos mensual nas reunións de departamento, no que será un dos puntos a tratar na orde do día. Todas aquelas incidencias, modificacións que sexan necesarias, serán revisadas e quedará constancia delas nas diferentes reunións e reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Calibración e Homoxeneización

A calibración das cualificacións entre os profesores que imparten a mesma materia terá lugar durante o primeiro trimestre do curso e estará asegurada polas seguintes medidas:

- Un respecto ó cumprimento da propia programación.
- Organización das clases colectivas atendendo ós cursos independentemente de quen sexa o profesor. Deste xeito, un profesor dará clase colectiva a alumnos doutro profesor-titor.
- Audicións da especialidade de fruta nas que participan os alumnos dos dous profesores da materia.



- Gravación e posterior visionado dunha actuación ou participación en audición, do alumnado de ámbolos docentes.
- Reunións habituais entre os dous profesores da especialidade para avaliar o rendemento dos seus respectivos alumnos.

Os Profesores/as comunicarán coa suficiente antelación as datas das audicións, probas de aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes..., levaranse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.



8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Despois de cada Avaliación, na seguinte reunión de Departamento, destacaranse aqueles apartados que sexan de interese e que poidan afectar ao funcionamento do mesmo a través dos datos resultantes das Avaliacións.



9 ANEXOS



9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

O Centro dispón dun servizo de pianista acompañante para a realización desta proba, deberá consultar as condicións no momento de formalizar a matrícula.

A proba de acceso ó primeiro curso de grao profesional consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos interpretativos, sendo unha dela interpretada de memoria.

A elección destas obras será axeitada ó nivel ao que se pretende acceder e no que se reflectirán os obxectivos e contidos conseguidos ó longo de todo o grao elemental.

O centro facilitará un repertorio orientador das obras de acceso a primeiro de grao profesional. Para a realización da proba o aspirante presentará tres obras, xa sexan as expostas nesta lista ou alternativas, coa mesma ou parecida dificultade. Neste caso o tribunal ditaminará a súa idoneidade por si non alcanzasen o nivel para o curso ao que se vai a optar.

Contidos

- Control e demostración do coñecemento de formas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc,) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Interpretación correcta (afinación, colocación, emisión do son, dinámica, expresividade, articulacións...) do repertorio elixido.
- Interpretar tres obras de diferentes estilos, sendo unha dela interpretada de memoria. No caso de elixir unha obra de dous, ou máis movementos, só será precisado un deles.

Criterios de avaliación e cualificación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir unha):

J. B. Loeillet - Sonata en Si menor.

A. Vivaldi - Sonata en Do Maior .

G. P. Telemann - Sonata en Fa Maior.

Grupo B (elixir unha):

C. W. Glück - Danza dos espíritus benaventurados.

W. A. Mozart - Andante en Do Maior

Grupo C (elixir unha):

G. Faure - Berceuse .

C. Debussy - The Little Negro.

Nota: ademais das obras aquí expostas, empregaranse aquelas outras de parecida dificultade que o profesor considere oportunas.

Será obrigatorio e responsabilidade do aspirante a presenza do pianista acompañante nas obras que o precisen.

Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 1º G.P.

A nota será calculada atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Os aspectos técnicos constituirán un 40% da nota:

- Unha embocadura que permita tocar o repertorio escollido cunha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Resistencia muscular: embocadura e músculos respiratorios.
- Homoxeneidade sonora nos distintos rexistros.
- Control do aire mediante a respiración diafragmática.
- Correcta posición corporal. Relaxación.
- Corrección na colocación das mans.
- Fluidez e coordinación dos dedos.
- Correcta afinación a solo e con outros instrumentos de ser o caso.
- Emprego das posibilidades sonoras e dinámicas do instrumento.
- Dominio das distintas articulacións.
- Flexibilidade nos saltos.

Os aspectos interpretativos constituirán un 40% da nota:

- Manter a estabilidade do pulso.
- Corrección na lectura.
- Respecto a os termos de expresión.
- Expresividade na interpretación. Sensibilidade musical e estética.
- Corrección na afinación.
- Coordinación co instrumento acompañante nas obras que o precisen.
- Precisión na articulación.
- Respecto das diferentes dinámicas.



- Claridade e limpeza dos pasaxes.
- Coherencia no fraseo.
- Respecto do estilo musical a interpretar.
- Adecuación aos tempos indicados na partitura.
- Uso do vibrato como elemento expresivo.
- Corrección na interpretación das notas de adorno.
- Emprego de diferentes timbres como elemento expresivo.
- Valoración do silencio como un elemento indispensable para a concentración, a audición interna e o pensamento musical.

A Interpretación de memoria constituirá un 20% da nota:

- Memorización do texto sen erros.
- Comprensión da partitura.
- Seguridade e control da situación. Concentración.
- Liberdade na interpretación. Independencia da partitura.
- Interpretación de principio a fin sen interrupcións.

9.2 Probas de acceso a outros cursos

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante

9.2.1 Probas de Acceso de 2ª a 4ª G.E.

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio, e consistirán en:

- A. **Interpretación co instrumento de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.** O nivel das obras deberá corresponder, cando menos, ao curso anterior ao que se opte, segundo os contidos que aparezan na presente programación didáctica. Nesta proba, se algunha das obras do repertorio elixido polo aspirante require instrumentistas acompañantes, estes non serán, en ningún caso, facilitados polo conservatorio.
- B. **Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.**

2º Grao Elemental

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Utilizar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta da Frauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Coñecer a Frauta Travesa, a súa familia e a forma de producir o son.
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Emitir un son estable na extensión que se considere para este curso.
- Interpretar algún texto musical
- Correcta interpretación ao criterio do tribunal do programa de exame elixido.

Repertorio orientativo

- Escollerá entre as cancións do libro Aprende tocando la flauta de P. Wastall (Ed. Mundimúsica) a partir da unidade dez, ademais dun exercicio e unha escala.
- Estudos a escoller do 1 ao 14 do libro Übungen für flöte de G. Gariboldi (Ed. Peters).

Nota: ademais dos métodos e estudos aquí expostos, utilizaranse aqueles outros de parecida dificultade que o profesor considere oportunos.

Será obrigatorio e responsabilidade do aspirante a presenza do pianista acompañante nas obras que o precisen.



3º Grao Elemental

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta da Flauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Dominar, controlando a emisión do son en diferentes rexistros as articulacións nas escalas ata dúas alteracións.
- Interpretar de un modo axeitado, ao criterio do tribunal, o programa de exame escollido polo alumno.
- Memorizar dentro do posible textos musicais controlando a emisión do son en diferentes rexistros.

Repertorio orientador

- Do Método de flauta vol. I (leccións 1 á 11) de H. Altés un estudo a escoller.
- Do Übungen für flöte (leccións 15 á 25) de G. Gariboldi (Ed. Peters) un estudo a escoller.
- Unha canción do libro La flauta clásica vol. I.

Nota: ademais dos métodos e estudos aquí expostos, utilizaranse aqueles outros de parecida dificultade que o profesor considere oportunos.

Será obrigatorio e responsabilidade do aspirante a presenza do pianista acompañante nas obras co precisen.

4º Grao Elemental

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta da Flauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Memorización de textos musicais.
- Interpretar de modo axeitado, ao criterio do tribunal, o programa de exame escollido polo alumno



- Ler a primeira vista obras e estudos.
- Dominar, controlando a emisión do son en diferentes rexistros as articulacións nas escalas ata tres alteracións.

Repertorio orientativo

- Do Método de flauta vol. I (leccións 12 á 23) de H. Altés un estudo a escoller.
- Do Études Mignonnes pour flûte Op. 131 (leccións 1 á 10) de G. Gariboldi (Ed. Leduc) un estudo a escoller.
- Unha canción do libro La flauta clásica vol. II.
- Melodie de Mihalovici.
- Echo de P. Hindemith.

Nota: ademais dos métodos e estudos aquí expostos, utilizaranse aqueles outros de parecida dificultade que o profesor considere oportunos.

Será obrigatorio e responsabilidade do aspirante a presenza do pianista acompañante nas obras co precisen.

Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º, 3º e 4º G.E..

A nota será calculada atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 60%

- Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto:
 - Dominio no control da velocidade de dedos.
 - Articulación.
 - Dixitación e respiración.

Criterios estéticos: 40%

- Selección dun repertorio de obras programadas para o curso valorando os aspectos inherentes a este concepto:
- Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros).
- Expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución.

9.2.2 Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante

Para a realización da proba o aspirante presentará tres obras, xa sexan as expostas nesta lista ou da mesma ou parecida dificultade das expostas nesta relación. Como mínimo, unha das obras que



presente, debe ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas (para a valoración de Música de Cámara ou Conxunto). En caso de ser diferentes o tribunal ditaminará a idoneidade das obras.

As obras deberán levar, si é o caso, acompañamento de piano.

Acceso a 2º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición da Frauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.

Criterios de avaliación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir unha):

G. Ph. Telemann - Unhadas 12 Fantasías, Ed. Barenreiter.

R. Valentine - Unhadas 12 Sonatas, EMB

Grupo B (elixir unha):

W. A. Mozart - Sonata en Do Mayor

C. W. Gluck - Danza de los espíritus bienaventurados

Grupo C (elixir unha):

G. Faure - Siciliana

J. Ibert - Unhadas Historias

Unha das pezas será interpretada de memoria.

Acceso a 3º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición da Frauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.

Criterios de avaliación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir unha):

G. Ph. Telemann - Unha das 12 Fantasías

J. S. Bach - Sonata en Mi bemol Mayor. Ed. Barenreiter

Grupo B (elixir unha):

Pergolesi. “Concierto en Sol M.”

W. A. Mozart. Unha Sonata.

Grupo C (elixir unha):

J. Ibert - Unhadas Historias.

G. Faure - Morceaux de Concourse

Unha das pezas será interpretada de memoria.

Acceso a 4º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.



- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición da Fruta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Consolidación do dobre e triplo picado.

Criterios de avaliación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase o emprego axeitado do vibrato.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir unha):

J. S. Bach - Sonata en Do Mayor, Ed. Barenreiter.

Telemann - Unhadas 12 Fantasías

A. Vivaldi - Concerto en Re M. “Il Gardellino”

Grupo B (elixir unha):

W. A. Mozart - Rondo en Re Mayor.

C. Stamitz - Concerto en Sol Mayor.

Grupo C (elixir unha):

Ph. Gaubert - Romanza.

A. Honegger - Danse de la chèvre.

Unha das pezas será interpretada de memoria.

Acceso a 5º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición da Frauta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Consolidación del dobre y triple picado.
- Estudio del Flatterzunge, de los harmónicos como recurso interpretativo y dos sons silvantes (whistletones).

Criterios de avaliación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase o emprego axeitado do vibrato.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir una):

G. F. Händel - Sonata en Sol Mayor.

A. Vivaldi - Concierto en Fa Mayor, “La Tempesta di mare”

Grupo B (elixir unha):

J. J. Quantz - Concierto en Sol Mayor

L. V. Beethoven - Sonata en Si bemol Mayor

Grupo C (elixir unha):

G. Faure – Fantasía

A. Blanquer – Sonata Jovenivola

Unha das pezas será interpretada de memoria.

Acceso a 6º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.



- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición da Fruta Travesa e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Traballo da velocidade nas escalas tanto cromáticas coma diatónicas con diferentes articulacións.
- Práctica da improvisación dobre bases harmónicas elaboradas.

Criterios de avaliación

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica de respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legatto”.
- Avaliarase a amplitude dinámica amosada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase o emprego adecuado do vibrato.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

Grupo A (elixir unha):

- J. S. Bach - Sonata en Mi menor
- P. Locatelli - Unha Sonata

Grupo B (elixir unha):

- Haydn - Concierto en Re Mayor
- W. A. Mozart – Concierto en Re Mayor K.V. 314

Grupo C (elixir unha):

- C. Chaminade – Concertino Op. 107
- D. Milhaud - Sonatina

Unha das pezas será interpretada de memoria.

Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º a 6º G.P..

A nota será calculada atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:



- **Criterios técnicos: 60%**
 - Selección de métodos e estudos segundo o indicado en cada curso valorando os aspectos inherentes a este concepto:
 - dominio no control da velocidade de dedos.
 - articulación,
 - dicitación e respiración

- **Criterios estéticos: 40%**
 - Selección dun repertorio de obras programadas para o curso valorando os aspectos inherentes a este concepto:
 - Sonoridade (timbre, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros), expresividade, musicalidade e fraseo a través da execución

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

1. Optarán a presentarse todo aquel alumnado do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.
2. O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non serán membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.
3. Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.
4. O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.
5. Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.
6. Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria, haberá a posibilidade de que sexan gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.
7. O tribunal terá plena liberdade para deter a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumnado demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:
 - dificultade do repertorio.
 - control do ritmo e medida das figuras.
 - claridade e igualdade de dixitación.
 - calidade do son.
- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumnado mediante os seguintes indicadores:
 - aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
 - adecuación sonora aos diferentes estilos
 - adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación
 - corrección na execución dos ornamentos
- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumnado na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
 - respecto dos aires e movementos.
 - fidelidade das indicacións agóxicas e dinámicas contidas na partitura.
 - exactitude na exposición das notas.



- Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumnado mediante os seguintes indicadores:
 - capacidade de comunicación musical.
 - concentración ao longo do recital.

9.4 Optativa: Frauta Travesa 2º Instrumento

Frauta 2º Instrumento é unha materia optativa englobada dentro do currículo que oferta o Conservatorio Xan Viaño de Ferrol. O seu principal obxectivo é o coñecemento e desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación con un segundo instrumento a través dos fundamentos acústicos e as súas posibilidades sonoras, técnicas e expresivas que contribúen a unha, se cabe máis completa formación daquel alumnado que cursa unha especialidade diferente.

As clases, de carácter individual consistirán nunha presentación semanal dunha serie de exercicios e repertorio tipo programado. O profesor dirixirá academicamente este traballo valorando os progresos e aportando solucións aos problemas non resoltos. A avaliación continua aplicarase ao estudo e valoración da evolución semanal global amosada polo alumno incluíndo diferentes actividades como audicións ou probas avaliadoras.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para esta materia serán os que recolle a vixente programación para o curso 1º do Grao Elemental.